

COMUNICADO Nº 085/23

09 DE MAIO DE 2023

**O VENCEDOR DA CRITERIUM RECALVI / BECA24 CORRERÁ CUN DACIA
SANDERO EN 2024**

O Criterium Recalvi / Beca 24 que esta fin de semana comeza de maneira oficial no Rallye Mariña Lucense terá como premio final ao vencedor da categoría Beca24 un programa de **cinco probas cun Dacia Sandero no Campionato Galego de Rallyes de 2024**.

Desta forma, o mellor dos equipos participantes nesta nova fórmula de promoción (integrado na Beca24) nos rallyes galegos poderá continuar coa súa formación e crecemento deportivo cunha beca na que poderán competir cun vehículo actual.

Esta nova beca forma parte do programa de desenvolvemento de novos talentos do automobilismo galego a través dunha pirámide formativa ben escalonada e cunha tutela dende a FGA.